

Thank You

Bos días nenas e nenos do Wenceslao, somos Dorothy e Toto de novo; queremos agradecervos a vosa axuda, xa que grazas ás vosas respostas conseguimos volver a nosa querida película: O Mago de Oz.

Agora estamos moi, moi contentos e quérovos ensinar unha das miñas esceas favoritas da película, onde se ve o paso do branco e negro ao cor coa técnica da que vos falaba na carta que vos mandei, sabedes? O technicolor!! Si, si, pois nesta escea utilízase primeiro o branco e negro (en ton sepia) para representar Kansas (de onde son eu) e unha vez paso ao mundo de Oz todo se transforma e está cheo de cor... é precioso verdade?. Pois isto faise para distinguir o mundo sombrío de Kansas e a fantástica terra de Oz. Aquí vos deixo o enlace da escea para que a vexades; está en inglés pero dixeronme que no Wences sabedes falalo moi ben, así que non ides ter problema!

Tamén vos recomendo ver a película enteira porque é moi especial e, ademais, grazas a vós, Totó e eu xa volvemos a estar nela.

Bueno xa me despido, moitas grazas por axudarnos! Mandámosvos unha aperta enorme, espero que sigades aprendendo moitas cousas sobre o maravilloso mundo do cine.

Dorothy e Toto.

